



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la mejora de la accesibilidad en la oficina de Correos de O Graxal.**

Correos cuenta con una oficina en la calle Constitución de O Graxal que da servicio a toda la parroquia de O Temple, la más poblada del municipio de Cambre, un núcleo urbano en sí mismo donde viven casi 10.000 personas.

A pesar de la importante afluencia de personas usuarias, en la zona no hay aparcamiento, ni siquiera una zona de parada temporal o estacionamiento limitado, por lo que sería interesante que la empresa pública realizara los contactos oportunos con el ayuntamiento para mejorar este aspecto del servicio.

Sin embargo, la deficiencia más grave en el momento actual es la falta de accesibilidad a las dependencias públicas, teniendo que salvar unas escaleras que, además de incumplir de manera flagrante la normativa, carecen de alternativa, siendo obligatorio subir y bajar por ellas, ya que el dispositivo mecánico ubicado en uno de los laterales de las escaleras no funciona habitualmente y, aun cuando lo hace, no es una opción ni cómoda, ni ágil ni digna para las personas usuarias.

Por tanto, es preciso conocer en qué régimen se encuentran las oficinas de Correos en estas dependencias, si es necesario buscar una alternativa o si cabe realizar actuaciones sobre el inmueble, en atención a si es propiedad de Correos o si se trata de un alquiler. En función de estas circunstancias, podría valorarse la realización de obras de mejora en el local actual o podría ser más adecuado buscar otras instalaciones dentro del barrio de O Graxal donde se puedan prestar los servicios con todas las garantías.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la situación actual del inmueble donde se ubican las oficinas de Correos en O Graxal en O Temple, en el Municipio de Cambre? ¿Se trata de un inmueble de



titularidad de Correos o de un alquiler?

2. ¿Conoce el Gobierno y la propia Correos los problemas de accesibilidad que tiene la actual oficina, en la que tienen que salvarse varias escaleras para entrar en las dependencias?
3. ¿Sabe que el dispositivo mecánico no funciona y que, las pocas veces que lo hace, es lento y poco eficiente? ¿Comparte que debe alcanzarse una solución permanente y accesible para facilitar la entrada de personas con movilidad reducida a las oficinas de Correos?
4. ¿Teniendo en cuenta si se trata de un local en propiedad o en alquiler, ha valorado Correos otras alternativas? ¿Ha planteado la posibilidad de acometer obras para la mejora de las instalaciones o bien buscar otro inmueble en el que poder ubicar las oficinas?
5. ¿Conoce las dificultades de aparcamiento en las inmediaciones de la oficina? ¿Ha realizado algún contacto con el Ayuntamiento para valorar las posibilidades de mejora de este aspecto y facilitar así el acceso a los servicios de Correos de forma ágil?

En Madrid, a 16 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congres



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 FEB. 2026 13:12:59

Entrada **100154**

Sobre a mellora da accesibilidade na oficina de Correos do
Graxal, no Temple en Cambre

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á mellora da accesibilidade na oficina de Correos do Graxal.**

Correos conta cunha oficina na rúa Constitución do Graxal que da servizo a toda a parroquia do Temple, a máis poboada do concello de Cambre, un núcleo urbano en si mesmo no que viven case 10000 persoas.

A pesar da importante afluencia de persoas usuarias, na zona non hai aparcamento, nin sequera unha zona de parada temporal ou estacionamento limitado, polo que sería interesante que a empresa público realizase os contactos oportunos co concello para mellorar este aspecto do servizo.

Porén, a deficiencia máis grave no momento actual é a falta de accesibilidade ás dependencias públicas, tendo que salvar unhas escaleiras que, ademais de incumprir de maneira flagrante a normativa, carecen de alternativa, resultando obrigado subir e baixar por elas, xa que o dispositivo mecánico disposto nun dos laterais das escaleiras non funciona de xeito regular e aínda cando o fai non é unha opción nin cómoda, nin áxil, nin digna, para as persoas usuarias.

Así pois, é preciso coñecer en que réxime se encontran as oficinas de Correos nestas dependencias, se é preciso buscar unha alternativa ou se cabe realizar actuacións no inmóbel, en atención a se é propiedade de Correos ou se trata dun aluguer. En función desas circunstancias pode valorarse a realización de obras de mellora no local actual ou pode ser máis acaído buscar outras instalacións dentro do barrio do Graxal en que podan ser prestados os servizos con todas as garantías.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 FEB. 2026 13:12:59

Entrada **100154**



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cal a actual situación do inmóbel en que se ubican as oficinas de Correos no Graxal no Temple, no Concello de Cambre? Trátase dun inmóbel titularidade de Correos ou dun aluguer?
2. Coñece o Goberno e a propia Correos os problemas de accesibilidade que ten a actual oficina en que ten que salvarse varias escaleiras para entrar nas dependencias?
3. Sabe que o dispositivo mecánico non funciona e que, as poucas veces que o fai, é lento e pouco eficiente? Comparte que debe achegarse unha solución permanente e accesíbel para facilitar a entrada de persoas con mobilidade reducida nas oficinas de Correos?
4. Atendendo a se se trata dun local en propiedade ou en aluguer valorou Correos outras alternativas? Plantexou a posibilidade de acometer obras para a mellora das instalacións ou ben a busca doutro inmóbel no que poder ubicar as oficinas?
5. Coñece as dificultades de aparcamento nas inmediacións da oficina? Realizou algún contacto co Concello para valorar as posibilidades de mellora deste aspecto e facilitar así o acceso aos servizos de Correos de forma áxil?

Madrid, a 16 de febreiro 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso